

NEGRURA QUE NON SE TAPA

“Por certo, estive en Barranham. O cheiro a fuel estaba presente, como de fondo, e viam-se pequenos regueiros de fuel marrom com areia nesses regatinhos que se fan ao baixar a maré. Bólas de chapapote que tinham ao redor um "halo" de óleo (claro, ja o entendim:fuel-óleo). Os pés com penquinhas e alguma mancha tamanho de um par de dedos.”

É unha gran cousa o correo electrónico. Por esa vía chegábanos, o pasado día 14, as noticias extractadas no comezo desta crónica. Barrañán, Arteixo. Nas portas da Costa da Morte. **“EM DEZ MESES!!! DE VERDADE QUE NÃO AGUARDAVA QUE ESTIVESSE TÃO MAL, PENSEI QUE MANCHARIA OS PÉS, PERO QUE NÃO CHEIRARIA, POLO MENOS... PUAJJ!!”**. Poden crer os nosos lectores que quen nos mandou a comunicación, compañeiro da plataforma en Lugo, non é precisamente dos que andan buscando atenuantes ou a esconder piche. Contando o que viu, vese na obriga de asegurar que non esaxera.

Tal como está o panorama mediático, só a testemuña individual nos asegura información sobre o estado real da costa. Case douscentos quilómetros ao leste de Barrañán está Benquerencia. Concello de Barreiros, perto de Ribadeo. Neste caso, o testemuño é oral e menos requintado, pe-ro a moura realidade permanece. Hai chapapote. É notorio e mancha.

Nunca Máis segue aquí para contalo.

**MM NO SAN FROILÁN:
NON ACEPTARON**

Desde finais do mes de agosto, a plataforma *Nunca Máis* en Lugo tentou presentar-lles a responsables municipais unha oferta para as festas grandes da cidade. Tratábase de dedicarlle ao mar un dos días do calendario festivo, cunha mostra permanente de embarcacións, materiais e oficios mariñeiros instalada nunha rúa céntrica. Habería actuacións musicais e artísticas de grupos procedentes de localidades do litoral, e paralelamente unha mostra e outros actos públicos.

Resulta difícil, se posible, facer explícito neste breve espacio o contido da nosa proposta. Quede especificado que propoñiamos a Rúa da Raiña, encargabámonos da organización e ofreciamos toda unha serie de xestións xa realizadas; quede tamén constancia de que o orzamento previsto andaba arredor dos cinco mil euros. Indiquemos, para rematar, que nos declaramos absolutamente abertos a cambios de espacio, de programa ou recorte de presuposto. Nada disto valeu de moito. Tras un primeiro contacto no que se manifestou interese pola nosa proposta, pasamos ao IMPOSIBLE en calquera caso. Lástima. Pensamos que, así, o San Froilán do 2003 non gaña nada e, pola contra, perde algo.

